

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baltar para a execución de obras no abastecemento de Garabelos, Tixós e Quintá, no Concello de Baltar (Ourense)

1 Antecedentes

As captacións de auga de Garabelos, Rixós e Quintá no concello de Baltar, están deterioradas e non recollen auga suficiente para a poboación á que abastecen.

Esta situación veuse agravada xa que no mes de setembro de 2022 o termo municipal de Baltar estaba nunha situación de escaseza prolongada e nun escenario de emerxencia por escaseza, consonte ao disposto no plan de seca da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

Ante a situación de risco extremo de quedar sen abastecemento municipal neses núcleos, a entidade local contratou a execución das obras de urxencia no abastecemento de Garabelos, Rixós e Quintá e iniciou a súa execución no mes de setembro de 2022.

O Concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio e colaboración na execución destas actuacións para acadar o funcionamento efectivo das instalacións no prazo máis breve posible.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baltar que permitan ao concello acometer



e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de urxencia no abastecemento de Garabelos, Tixós e Quintá, no Concello de Baltar (Ourense).

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

Entre estas competencias se atopa, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese



común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto neste punto e nos antecedentes, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a corenta e oito mil trescentos vinte e nove euros con trinta e oito céntimos (48.329,38 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2022.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

